



O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 29 de xuño de 2006 aprobou a modificación do Regulamento de saneamento (publicado no BOP de A Coruña de 25 de outubro de 2006), substituíndo o actual capítulo XIV, polo que a continuación se transcribe:

“CAPITULO XIV . INFRACCIONS E SANCIONS

Consideraranse infraccións administrativas, todas aquelas accións ou omisións que contraveñan as disposicións do presente Regulamento, que basicamente se concretan en: fraudes no vertido e vertidos prohibidos.

Os supostos de fraude no vertido recóllense no art. 49, establecéndose no art. 50 o réxime de actuación nos casos nos que se detecte o fraude.

A emisión de vertidos prohibidos dará lugar ademais da adopción das medidas indicadas no art. 28 á incoación do oportuno expediente sancionador. A estes efectos consideraranse infraccións leves, a realización de vertidos prohibidos sempre que os danos ocasionados na conca receptora non foran superiores a 300,51 euros.

Serán infraccións graves a comisión reiterada de infraccións leves, así como a realización de vertidos que ocasionen uns danos na conca receptora entre 300,51 e 601,01 euros.

Consideraranse infraccións moi graves, a comisión reiterada de infraccións leves, así como a emisión de vertidos que ocasionan uns danos de contía superior a 601,01 euros.

Á hora de efectuar a avaliación dos prexuízos ocasionados teranse en conta a transcendencia destes para a seguridade de persoas e bens así como os beneficios obtidos polo infractor.

As infraccións levarán emparelladas as seguintes sancións:

- Infraccións leves: multa de ata 750 euros
- Infraccións graves: multa desde 751 ata 1.500 euros
- Infraccións moi graves: multa desde 1.501 ata 3.000 euros

A Alcaldía será competente para a resolución dos expedientes sancionadores.

Con independencia da imposición das sancións que procedan, o órgano sancionador poderá esixir a reparación dos danos e prexuízos ocasionados, fixando para isto, as indemnizacións que procedan.

O procedemento sancionador axustarase ó establecido no R.D: 1398/1993 do 4 de agosto, Regulamento para o exercicio da potestade sancionadora.

No caso de que, pola entidade dos feitos, se considere que éstos poden ser constitutivos de delito, a administración dará traslado das actuacións á xurisdicción competente, suspendéndose o procedemento sancionador ata que a autoridade xudicial se pronuncie.

A imposición de sanción por parte da autoridade xudicial excluírá a imposición de multa administrativa “